



A realización deste calendario foi posible grazas ao apoio económico de:



Kultura Zientifikoko Katedra  
Cátedra  
Cultura Científica

Ademais da colaboración de:



Un agradecimento especial á Axencia SINC por ser unha excelente fonte de información. A todas as persoas que participaron na recopilación, na revisión e na tradución de efemérides: Moitas grazas!



Atopa a guía didáctica con ideas para o traballo na aula en <http://www.igm.ule-csic.es/calendario-cientifico>



**2021**  
**CALENDARIO**  
**CIENTÍFICO**  
**ESCOLAR**

# XANEIRO · ENERO · GENER · URTARRILA · XINERU · JANUARY

# 2021

L

28

M

29

Me

30

X

31

V

1

S

2

D

3



1914 Naceu **Manuela Garin Pinillos**, unha das pioneiras da **matemática mexicana**. Os seus modelos matemáticos axudaron a explicar o **campo magnético da Terra**.



1839 **Louis Daguerre** tentou facer a **primeira foto do espazo**. Para iso utilizou un daguerrotipo e mais un telescopio, pero non tivo éxito (a foto saíu borrosa).



1871 **Henry Bradley** patentou a **primeira margarina**. A súa receita estaba feita, principalmente, con aceite de algodón e graxa animal.

4



1963 Naceu a **neurocientífica May-Britt Moser**. Recibiu un **Premio Nobel** pola súa investigación sobre as **células de rede situadas no cerebro**.

5



1895 Naceu a **microbióloga Rebecca Craighill Lancefield**. Inventou un novo método para clasificar as bacterias do grupo **Streptococcus**.

6



1838 **Samuel Morse y Alfred Vail** utilizaron o **telégrafo** en público por primeira vez. Este invento converteuse nun dos sistemas de comunicación máis populares durante décadas.

7



1992 A empresa AT&T presentou o **videófono**. Foi o primeiro **teléfono con pantalla de vídeo**.

8



1988 A **Base Antártica Española Xoán Carlos I** quedou inaugurada. Esta base científica está xestionada polo CSIC e localízase na illa Livingston da Antártida.

9



1923 O inventor **Juan de la Cierva** utilizou con éxito o **autoxiro**. Esta aeronave é unha mestura de avión e helicóptero.

10



1860 O **metro de Londres** quedou inaugurado. Este metro é o sistema de transporte público baixo terra máis antigo do mundo.

11



1907 Naceu a **inmunóloga Mary Shaw Shorb**. Desenvolveu unha técnica para analizar a **vitamina B12**. Con isto contribuíu a combater a **anemia perniciosa**.

12



1925 Naceu o **veterinario Miguel Cordero del Campillo**. Foi unha autoridade mundial no eido da **parasitoxia**. Tivo un papel chave no nacemento da **Universidade de León**.

13



1927 Naceu o **biólogo Sydney Brenner**. Recibiu un **Premio Nobel** polas súas investigacións sobre a **regulación xenética do desenvolvemento e a morte celular**.

14



1973 **Elvis Presley** realizou o **primeiro concerto transmitido por vía satélite**. Fixose desde o Centro Internacional de Honolulu e púidose ver en 40 países.

15



1826 Naceu a **asistente científica Marie Pasteur**. Traballou como **asistente e colaboradora de Louis Pasteur**, con quen estaba casada. O seu apoio foi esencial nas descubertas do investigador.

16



1932 Naceu a **zoóloga Dian Fossey**. Foi unha observadora paciente do comportamento dos gorilas e fundou o **Centro de Investigación de Karisoke (Ruanda)**. Este centro é a maior esperanza para a conservación dos **gorilas de montaña**.

17



1897 Naceu a **física Caroline Emilie Bleeker**. Os seus estudos máis coñecidos inclúen o **deseño e a fabricación de instrumentos ópticos**.



Handwriting practice lines consisting of 15 horizontal dashed lines on a light beige background.

Handwriting practice lines consisting of 15 horizontal dashed lines on a light beige background.

Handwriting practice lines consisting of 15 horizontal dashed lines on a light beige background.



# 2022

## XANEIRO

L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24/31	25	26	27	28	29	30

## FEBREIRO

L	M	Me	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28						

## MARZO

L	M	Me	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

## ABRIL

L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

## MAIO

L	M	Me	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23/30	24/31	25	26	27	28	29

## XUNO

L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

## XULLU

L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

## AGOSTO

L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

## SETEMBRO

L	M	Me	X	V	S	D
			1	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	29	30		

## OUTOBRO

L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24/31	25	26	27	28	29	30

## NOVEMBRO

L	M	Me	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

## DECEMBRO

L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

L 18



1969 Un equipo de astronomía da Universidade de Arizona detectou os sinais ópticos dun pulsar por primeira vez.

M 19



1915 Georges Claude patentou o primeiro tubo de neon. Este invento popularizouse con rapidez grazas ao seu uso en carteis publicitarios.

Me 20



1944 Fundouse a Estación de Bioloxía Experimental de Cogullada (coñecida actualmente como Estación Experimental de Aula Dei). O obxectivo deste instituto do CSIC é mellorar a competitividade e sostibilidade do sector agrícola.

X 21



1865 Naceu Sophia Jex-Blake, quen é coñecida como unha das Sete de Edimburgo. Dirixiu a campaña para asegurar o acceso das mulleres á educación universitaria e despois estudou medicina.

V 22



1909 Naceu o farmacéutico e biólogo Faustino Córdón. As súas investigacións estiveron centradas no campo da evolución. En 1979 creou a Fundación para a Investigación sobre a Bioloxía Evolucionista.

S 23



1921 Naceu a arqueóloga Marija Gimbutas. Propuxo a hipótese de Kurgan. Esta hipótese combinou a arqueoloxía e a lingüística para localizar a sede orixinaria dos pobos que falaban o idioma protoindoeuropeo.

D 24



1809 Naceu a naturalista Mariano de la Paz Graells. Describiu novas especies de insectos, entre as que salienta a magnífica bolboreta isabelina, *Graellsia isabellae*.

25



1235 Posible data de nacemento de Ramón Llull. O seu escrito titulado *A árbore da ciencia* é o primeiro tratado científico sobre natureza en España.

26



1941 Naceu a bioquímica Joan Elaine Argetsinger Steitz. Gañou sona internacional polos seus descubrimentos sobre o ARN.

27



1876 O enxeñeiro eléctrico Elisha Gray solicitou a patente do telégrafo musical. Foi un dos primeiros instrumentos musicais eléctricos.

28



2013 A supercomputadora IBM Sequoia bateu un récord de cálculo ao modelar un motor para un jet experimental. Para iso contou coa axuda de máis dun millón de núcleos de procesamento.

29



1947 Naceu a bióloga e médica Linda Brown Buck. Gañou un Premio Nobel polo seu descubrimento dos receptores do olfacto e a organización do sistema olfativo.

30



1975 O escultor Ernő Rubik solicitou a patente do cubo máxico. Este invento coñécese actualmente como o cubo de Rubik.

31



1925 Naceu Manuel Jalón. Realizou numerosas patentes, incluídos numerosos instrumentos tan coñecidos como a fregona ou a xiringa hipodérmica dun só uso.

CIUDADCIENCIA

CSIC FECYT



EVENTO DO MES

# CIDADE CIENCIA

CIDADE CIENCIA é un proxecto de divulgación científica do CSIC e a FECYT cuxo fin é que os habitantes de localidades afastadas dos grandes núcleos urbanos coñezan de primeira man a actualidade científica e tecnolóxica. Para iso, poñen a disposición das cidades adheridas a leste programa actividades de divulgación científica en múltiples formatos (exposicións, conferencias, visitas a centros de investigación, etc.) que se incorporan á programación cultural de cada municipio, así como unha gran variedade de obradoiros que poden ser presenciales ou en liña.

<https://www.ciudadciencia.es/>

L

1

M

2

Me

3

X

4

V

5

S

6

D

7



1949 Entrou en funcionamento o **telescopio Hale**, o máis grande do mundo nese momento (200 polgadas).



1939 Naceu a **biotecnóloga Mary-Dell Chilton**. Foi unha das primeiras **fundadoras da biotecnoloxía moderna en plantas**.



1900 Naceu **Juana Álvarez-Prida y Vega**. Foi unha das **primeiras químicas españolas**. En 1990 recibiu o primeiro Premio á Muller Progresista na Ciencia.




1896 **Thaddeus Cahill** solicitou a patente do **telarmonio**, o primeiro instrumento musical enteiramente electrónico e polifónico. O primeiro prototipo pesaba 200 toneladas e tiña unha lonxitude de 18 metros de longo.



1949 Naceu a **paleontóloga Nieves López Martínez**. Foi recoñecida internacionalmente como experta na **evolución dos lagomorfos** (coellos, lebres e picas) e nos eventos bióticos e ambientais relacionados coa **extinción masiva do Cretácico-Terciario**.



2014 A NASA publicou a **primeira imaxe tomada polo Rover Curiosity**: a imaxe da **Terra e a Lúa no ceo de Marte**.



1824 Naceu **William Huggins**. Revolucionou a **astronomía** ao aplicar métodos para determinar a **composición química das estrelas**.

8



1825 Naceu **Henry Bates**. Descubriu que, para se protexer dos depredadores, algunhas **bolboretas inofensivas se asemellan moito a outras especies que son tóxicas: mimetismo batesiano**.



1859 Naceu o **construtor de órganos Robert Hope-Jones**. Desenvolveu un órgano de teatro para acompañar as películas mudas. Baseándose no seu mecanismo, patentou o **diáfono**, que é a potente sirena que se sitúa onda os faros e pode guiar os barcos na néboa.

10



1996 En Estados Unidos, a supercomputadora **IBM Deep Blue** derrotou por vez primeira a **Garry Kasparov, campión mundial de xadrez**.

Día Internacional da Muller e a Neña na Ciencia

11



1939 **Lise Meitner** publicou o primeiro descubrimento de  **fisión nuclear de uranio** cando absorbe un neutrón adicional.

12



1809 Naceu **Charles Darwin**, o famoso **naturalista** que elaborou a **teoría da evolución mediante selección natural**.

13



1946 Naceu a **matemática Pilar Bayer**. En 1986 fundou o Seminario de Teoría de Números de Barcelona, no cal se enmarca a súa actividade investigadora.

14



2005 Un equipo de investigadores do CSIC obtivo e **secuenciou ADN dun individuo neandertal** procedente do xacemento de **El Sidrón**.

15



2001 Publicouse en **Nature** (e ao día seguinte en **Science**) a **secuenciación e análise inicial do xenoma humano**.

16



2005 Entrou en vigor o **Protocolo de Quioto**, convenio mundial para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

17



1874 Naceu a **xeóloga Ida Helen Ogilvie**. Descubriu propiedades da lava e os efectos da aridez sobre a erosión dos solos.

18



1913 O **químico e Premio Nobel Frederick Soddy** introduciu o termo **isótopo**.

19



1878 **Thomas Alba Edison** patentou o **fonógrafo**.

20



2016 Investigadores do IGME descubriron a primeira **barbantesa mantis religiosa fósil** e unha das máis antigas que se coñecen no mundo. Achouse no xacemento de ámbar de San Just, en Utrillas (Teruel), que ten unha idade duns **105 millóns de anos (período Cretácico)**.

21



1947 O **inventor Edwin Herbert Land** mostrou por primeira vez en público unha cámara instantánea de fotos, a **Polaroid Land Camera**.

L 20



1852 Naceu o bacteriólogo **Kitasato Shibasaburō**. Foi codescubridor da bacteria que causa a **peste bubónica** e desenvolveu tratamentos para o **tétanos**, a **difteria** e o **ántrax**. Tamén deu nome a un instrumento de laboratorio: o **matraz kitasato**.

M 21



Comenza o inverno



1773 Naceu o botánico **Robert Brown**. Descubriu que as minúsculas partículas suspendidas nos líquidos están en movemento. Isto coñécese como **movemento browniano**.

Me 22



1882 **Edward Hibberd Johnson** converteuse na primeira persoa no mundo que **adornou a súa árbore do Nadal con luces eléctricas**. Nesa época, era habitual utilizar candeas, o que provocaba numerosos incendios.

X 23



1947 Os físicos **Walter Brattain** e **John Bardeen** desenvolveron o **primeiro transistor**. Este dispositivo é a base do funcionamento da maioría dos aparellos electrónicos.

V 24



1913 Naceu a química **Miriam Michael Stimson**. Desenvolveu a **técnica de disco de bromuro de potasio**. Este método de preparación das mostras mellora a súa análise mediante espectroscopia infravermella.

S 25



1901 Naceu **Richard Shope**, o especialista en **patoloxía animal** que illou por primeira vez un **influenzavirus**. Estes virus causan a gripe en aves e mamíferos, incluídos os humanos.

D 26



1780 Naceu a matemática e astrónoma **Mary Fairfax Greig Somerville**. Propuxo a existencia dun planeta que alteraba a órbita de Urano. Posteriormente, demostrouse que ese planeta era **Neptuno**.

27



1822 Naceu o químico e microbiólogo **Louis Pasteur**. Demostrou que a fermentación era causada por microorganismos e inventou a **pasteurización**. Este método permite o control dos microbios en líquidos, como o leite.

28



1956 Naceu a física **Teresa Rodrigo Anoro**. Xogou un papel importante no **descubrimiento do bosón de Higgs** no ano 2012. Foi directora do Instituto de Física de Cantabria e formou parte do Comité de Política Científica do CERN.

29




1800 Naceu o inventor **Charles Goodyear**. Descubriu o **proceso de vulcanización do caucho**, con que se fan os pneumáticos.

30



1930 Naceu a química e farmacéutica **Youyou Tu**. Recibiu o **Premio Nobel** por descubrir unha nova terapia contra a **malaria**.

31



2019 A Oficina da OMS na China recibiu un aviso de varios casos de pneumonía de causa descoñecida na cidade de Wuhan. Posteriormente, determinouse que o causante da enfermidade era o **coronavirus SARS-CoV-2**.

1

2

## FOTCIENCIA17



INICIO NORMAS GALERÍA EXPOSICIONES EDICIONES ANTERIORES RECURSOS FOTOS SELECCIONADAS

Ya puedes ver las fotografías seleccionadas aquí

Con la colaboración de **Fundación Jesús Serra** Catalana Occidentale



### EVENTO DO MES

## FOTCIENCIA

**FOTCIENCIA** é unha iniciativa organizada pola FECYT e o CSIC para achegar a ciencia aos cidadáns mediante unha visión artística, a través de fotografías científicas que son expostas cada ano nos principais museos, centros da ciencia, universidades e centros culturais do país.

<https://www.fotciencia.es/Publico/Info/bases.aspx>



# DECEMBRO · DICIEMBRE · DECEMBRE · ABENDUA · AVIENTU · DECEMBER 2021

L 29

M 30

Me 1

X 2

V 3

S 4

D 5



1913 Naceu a psicóloga **Mary Ainsworth**. Xunto a John Bowlby, desenvolveron a **teoría do apego**.



1942 **Enrico Fermi** puxo en funcionamento a **Chicago Pile-1**, o **primeiro reactor nuclear artificial do mundo**. O reactor estaba formado por unha pila de uranio e bloques de grafito.



1842 Naceu a química e ecoloxa **Ellen Swallow Richards**. Foi unha das fundadoras da **hixiene ambiental**, fase previa á **ecoloxía moderna**.



1844 Naceu **Augusto Arcimís**. Foi o **primeiro meteorólogo profesional español** e o primeiro director do Instituto Central Meteorolóxico (agora **Agencia Estatal de Meteoroloxía**).



1854 **Aaron H. Allen** patentou a **butaca con asento abatible**. Hoxe en día, este tipo de butaca emprégase en case todos os teatros e auditorios do mundo.

6



1888 Naceu a **zoóloga Libbie Henrietta Hyman**. A súa obra en seis volumes, **Os invertebrados**, continúa a ser un traballo de referencia na actualidade.

7

1949 A mestra **Ángela Ruiz Robles** patentou a **enciclopedia mecánica**. Este invento considérase o precursor do **libro electrónico**. Incluía unha forte perspectiva de atención á diversidade, coa posibilidade de montar audios e lupas para o alumnado con problemas de acceso.

8




2013 Na Universidade de Lyon mostrouse un **novo método para extraer hidróxeno das rochas e a auga**. Esta técnica podería converterse nunha nova fonte de enerxía verde.

9



1979 Erradicouse por primeira vez unha doenza. Foi a **varíola** e logrouse **grazas á vacinación**.

10



1823 A **paleontóloga Mary Anning** descubriu o **primeiro esqueleto completo dun plesiosauro**. Este gran réptil mariño viviu a comezos do Xurásico.

11



1863 Naceu a **astrónoma Annie Jump Cannon**. Descubriu 300 estrelas variables e o seu traballo de catalogación foi fundamental para a actual **clasificación estelar**.

12



1901 **Guglielmo Marconi** realizou a **primeira comunicación radiofónica transatlántica** entre Cornualles (Reino Unido) e Terranova (Canadá).

13



1816 Naceu o **inventor Werner von Siemens**. Está considerado un dos pais da **enxeñaría eléctrica** e o seu apelido quedou ligado para sempre á empresa que fundou: **Siemens**.

14



1911 A **expedición norueguesa dirixida por Roald Amundsen** chegou ao **Polo Sur**. Por se o equipo non conseguía regresar, deixaron alí unha tenda cunha carta no seu interior para demostrar o seu logro.

15



2010 Arrancou a **Expedición de Circunnavegación Malaspina**. Os buques **Hespérides** e **Sarmiento de Gamboa (CSIC)** deron a volta ao mundo para realizar investigación científica, formar mozos investigadores e fomentar as ciencias mariñas. O seu nome é unha homenaxe á expedición que dirixiu **Alejandro Malaspina** no século XVIII.

16



1954 **Tracy Hall** obtivo os **primeiros diamantes sintéticos** nos laboratorios de **General Electrics**.

17



2014 Un estudo do **IGME** e as universidades de **Barcelona** e **Harvard** demostrou a existencia de **gambas de terra en Áraba**. Estes crustáceos viviron hai 105 millóns de anos e ficaron **conservados en ámbar**.

18



2019 Describiuse unha nova especie de **parasito en marsupiais**. O seu nome é **Theileria lupei** en recoñecemento á **veterinaria Guadalupe Miró**, pola súa contribución ao campo da **parasitología**.

19



2016 A revista **Nature** nomeou a **Alexandra Elbakyan** unha das dez persoas máis destacadas do ano en ciencia. **Alexandra** é a **fundadora de Sci-Hub**, unha páxina web con acceso gratuito a millóns de artigos científicos.

L 22




1876 Fundouse a **Universidade Johns Hopkins**. Foi a primeira universidade dedicada especificamente á **investigación médica** nos Estados Unidos. A súa fundación foi posible grazas á herdanza do empresario Johns Hopkins.

M 23



1879 Naceu **Agnes Arber**, **botánica** especializada no estudo de plantas **monocotiledóneas**.

Mi 24




1938 A empresa **DuPont** comezou a fabricación do primeiro produto de **naillon** destinado á venda: un **cepillo de dentes**. Ata daquela fabricábanse principalmente con pelo do pescozo dos porcos.

J 25



1869 Naceu o químico **Phoebus Levene**. Descubriu a **desoxirribosa**, un dos compoñentes principais do **ADN**.

V 26



1958 Naceu **Susan Helms**, **muller astronauta que bateu o récord do paseo espacial máis longo** (case 9 horas).

S 27



1869 Naceu a **patóloga Alice Hamilton**. Investigou sobre **doenzas industriais** e axudou a conseguir condicións de **traballo máis seguras**.

D 28



1953 **Francis Crick** e **James Watson** publicaron o descubrimento da **estrutura do ADN**. Ambos recibiron o **Premio Nobel en 1962**. A súa colaboradora, **Rosalind Franklin**, faleceu en 1958 sen recibir recoñecemento ningún.

1

2

3

4

5

6

7



Día Internacional de la Mujer y la Niña en la Ciencia  
11 de febrero

Portada Artículos Mensajes Recursos Acciones (EN) Días Internacionales



Que nunca te limite la **imaginación** limitada de los demás

Mae Jemison  
Ingeniera, física y astronauta de la NASA

Día Internacional de la Mujer y la Niña en la Ciencia




EVENTO DO MES

# DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E A NENA NA CIENCIA

Desde 2015, cada 11 de febreiro lémbrese o rol esencial que xogan as mulleres e as nenas na ciencia e a tecnoloxía. A meta é lograr o acceso e a participación plena e equitativa na ciencia para as mulleres e as nenas, ademais para lograr a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres e as nenas.

<https://www.un.org/es/observances/women-and-girls-in-science-day>

L 1



1893 O Instituto Nacional de Meteoroloxía elaborou o primeiro mapa do tempo de España.

M 2



1922 Naceu a programadora Frances Bilas Spence. Foi unha das seis programadoras orixinais da primeira computadora dixital de propósito xeral ENIAC.

Me 3



1886 Naceu a educadora e pedagoga Helen Parkhurst. Creou o Plan Dalton. Este plan baséase na ausencia de materias e no uso de guías de investigación no canto de libros de texto. A clase convértese nun laboratorio onde o alumnado completa a aprendizaxe á que se compromete mediante un contrato co profesorado.

X 4



1877 Naceu o etnólogo Robert Fritz Graebner. Desenvolveu a teoría de Kulturkreis ou Circulo Cultural. Esta teoría postulaba a difusión de culturas primitivas derivadas dun só tipo arcaico.

V 5



2013 O proxecto Human Connectome publicou imaxes moi detalladas de cerebros humanos. Estas imaxes permitiron estudar a complexidade das estruturas cerebrais e identificar causas dos trastornos neuronais.

S 6



1937 Naceu a enxeñeira e cosmonauta Valentina Tereshkova. Foi a primeira muller que viaxou ao espazo exterior, a bordo da nave Vostok 6.

D 7



2009 Lanzouse o observatorio espacial Kepler. A súa misión era descubrir planetas similares á Terra ao redor doutras estrelas.

8



1839 Naceu Josephine Cochrane. Foi a inventora da primeira máquina lavalouza que resultou exitosa.

9



1961 O Sputnik 9 levou a cadela Chernushka ao espazo. A bordo ían tamén unha cobaia, un rato e mais un manequín de probas chamado Ivan Ivanovich. O manequín saíu disparado durante a reentrada e aterrou cun paracaídas. O resto chegaron ilesos dentro da cápsula.

10



1876 Alexander Graham Bell fixo a primeira chamada telefónica exitosa na historia.

11



1926 Naceu o médico e investigador Thomas Earl Starzl. En 1967, levou a cabo con éxito o primeiro transplante de fígado (tras varios intentos frustrados).

12




2015 Un novo tratamento da doenza do alzhéimer conseguiu eliminar as placas de amiloide no 75% dos casos (en ratos).

13




1988 Inaugurouse o túnel Seikan entre as cidades de Aomori e Hakodate (Xapón). É o túnel submarino máis longo do mundo.

14



1963 Naceu o astronauta, político e enxeñeiro aeronáutico Pedro Duque. É coñecido principalmente por ter sido o primeiro astronauta de nacionalidade española.

15



1985 Rexistrouse o primeiro dominio punto com en internet: Symbolics.com

16




1799 Naceu a botánica Anna Atkins. É recoñecida como a primeira muller fotógrafa.

17



1963 María Elisa Álvarez Obaya realizou as análises que destaparon o caso do metílico. Desde a súa modesta farmacia de Lanzarote, María Elisa demostrou que unha serie de estrañas mortes debíanse ao consumo de licores adulterados con metanol.

18



1987 Descubrimiento da supercondutividade a alta temperatura. Anunciouse nun congreso científico en Nova York.

19



2019 Un estudo internacional con participación do CSIC determinou que os océanos absorben o 31% do CO<sub>2</sub> producido pola actividade humana.

20



2021 Día Mundial do Gorrión. Esta iniciativa procura chamar a atención sobre a situación dos gorrions. A súa poboación sofre un importante declive, nomeadamente nas cidades.

21



Comeza a primavera



1866 Naceu a astrónoma Antonia Maury. Traballou no Harvard College Observatory e publicou un importante catálogo de espectros estelares.

L **22**



**2013** Un equipo de investigación da Universidade de Bönning descubriu un **xene de orixe neandertal en persoas actuais**. Trátase dun xene da inmunidade que permite recoñecer intrusos perigosos e defenderse ante ellos mediante unha resposta inmune.

M **23**



**2002** Faleceu o **bioquímico Angel Martín Municio**, o primeiro membro español da Organización Europea de Bioloxía Molecular. Foi presidente da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais durante 17 anos.

Me **24**



**2021 Día de la evolución**. Conmemórase a publicación en 1859 do libro **A orixe das especies** de Charles Darwin.

X **25**



**1884** Patentouse un **método para producir leite evaporado**, para poder conservar o leite máis tempo. Ese mesmo día, patentouse unha **máquina para esterilizar** as latas en que se conservaba este leite.

V **26**



**1857** Naceu o **lingüista Ferdinand de Saussure**. É recoñecido como **pioneiro da lingüística científica**.

S **27**



**1895** Alfred Nobel **asinou o seu testamento**. Nel establecía a creación dun fondo que se empregaría para outorgar cinco premios anuais: os **Premios Nobel**.

D **28**



**1920** Naceu a **química Sagrario Ramírez Gallardo**. Inventou e patentou a **gasolina sólida**.

**29**



**1926** Naceu a **astrónoma Dilhan Eryurt**. O seu traballo proporcionou información crucial á NASA para modelar o **impacto solar na contorna lunar**. Foi premiada pola súa contribución na aluaxe do **Apolo 11**.

**30**



**1720** Naceu a **matemática e escritora María Andresa Casamayor de la Coma**. Foi autora do **Tirocinio Arithmetico**, obra para ensinar matemáticas desde e para a vida diaria. Publicou este libro co pseudónimo masculino **Casandra Mamés de La Marca y Araica**, usando as letras do seu nome en diferente orde.

**1**

**2**

**3**

**4**

**5**



**Día Mundial de la Ciencia para la Paz y el Desarrollo, 10 de noviembre**

Portada | Mensaje de UNESCO | **Semana Internacional** | Dias internacionais



EVENTO DEL MES

# SEMANA INTERNACIONAL DA CIENCIA PARA A PAZ E O DESENVOLVEMENTO

A **SEMANA INTERNACIONAL DA CIENCIA PARA A PAZ E O DESENVOLVEMENTO** ten lugar todos os anos durante a semana do 11 de novembro. Esta celebración está promovida pola ONU e busca que as institucións, as asociacións e os particulares celebren actividades que difundan o progreso científico e tecnolóxico e os seus vínculos co mantemento da paz e a seguridade.

<https://www.un.org/es/observances/world-science-day/week>

# NOVEMBRO · NOVIEMBRE · NOVEMBRE · AZAROA · PAYARES · NOVEMBER 2021

L 1



1952 Illouse por primeira vez o elemento químico cun número atómico 100. O seu nome, **fermio**, é en homenaxe ao físico **Enrico Fermi**.

M 2



1919 Naceu **Marie Morisawa**, unha das fundadoras da **xeomorfoloxía ambiental**. A xeomorfoloxía une **xeografía e xeoloxía** para estudar as formas da superficie terrestre e entender a súa formación e comportamento actual.

Me 3



1957 **Laika viaxou ao espazo a bordo do Sputnik 2**. Converteuse así no primeiro animal en facer un voo espacial.

X 4



2008 Un equipo de investigación do IGME deu a coñecer o **xacemento de ámbar cretácico de El Soplao**. Ten unha dimensión e riqueza excepcionais e o seu ámbar azul-púrpura mostra unha luminescencia sen parangón no mundo.

V 5



1794 A química **Elizabeth Fulhame** publicou **Un ensaio sobre a combustión**. Foi o primeiro exemplo de **catálise** que se describiu.

S 6



1935 O enxeñeiro **Edwin Armstrong** presentou o estudo titulado **Un método de redución de molestias na radio mediante un sistema de modulación por frecuencia**. Creouse así a **radio FM (frecuencia modulada)**.

D 7



1867 Naceu a química e física **Marie Curie**. Acuñou o termo **radioactividade** e foi a primeira persoa en recibir **dous Premios Nobel** en distintas especialidades: **Física e Química**.

8

Semana Internacional da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento



1878 Naceu a paleontóloga e zooloxa **Dorothea Bate**. Foi **pioneira en zooarqueoloxía** e, xunto a **Dorothy Garrod**, atoparon os restos **fósiles de numerosas especies** que non foran descritas.

9

Semana Internacional da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento



1795 Naceu o cirurxián **James Barry**. Foi médico da Armada británica e traballou para mellorar as condicións dos soldados feridos. Realizou a **primeira cesárea exitosa** da que se ten constancia en **África**.

10

Semana Internacional da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento



1983 **Fred Cohen**, estudante de doutoramento, creou un programa informático que é capaz de instalarse a si mesmo, replicarse e propagarse a outras máquinas. Naceu así o **primeiro virus informático**.

11

Semana Internacional da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento



1930 Naceu a física **Mildred Dresselhaus**. É coñecida como a **raíña da ciencia do carbón** polos seus notables traballos sobre o **grafito**.

12

Semana Internacional da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento



1919 Naceu a bióloga molecular **Grete Kellenberger-Gujer**. O seu prestixio deriva dos seus achados sobre a **recombinación xenética e a restrición do ADN**.

13

Semana Internacional da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento



2013 A NASA publicou un vídeo que presenta a **Marte como podería ter sido hai 4.000 millóns de anos**, con ceos azuis e auga.

14

Semana Internacional da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento



1863 Naceu o químico **Leo Baekeland**. Inventou a **baquelita**, o **primeiro plástico sintético**. O seu baixo custo e versatilidade fixérona moi popular.

15



1873 Naceu a médica **Sara Josephine Baker**. Realizou importantes contribucións para **diminuír a taxa de mortalidade infantil**.

16



1940 Naceu a física **María Josefa Yzuel Giménez**. A súa investigación centrouse no campo da **óptica** e recibiu numerosas distincións a nivel nacional e internacional.

17



2015 Un total de **195 estados ratificou a creación dos xeparques mundiais da UNESCO**. Trátase de lugares cun patrimonio xeolóxico de relevancia internacional que se empregan para promover o desenvolvemento sostible das comunidades que habitan neles.

18



2010 A A.S.U.R. ([www.asur.ro](http://www.asur.ro)) lanzou a primeira edición do **Calendario Científico Escolar (en Romanía)**.

19



2006 A compañía xaponesa de **videoxogos Nintendo** sacou ao mercado a **consola Wii**.

20



1985 O cirurxián **Leonard Lee Bailey** realizou o **primeiro transplante de corazón exitoso nun acabado de nacer**.

21



2013 O observatorio **IceCube do Polo Sur** detectou **neutrinos de alta enerxía de orixe extraterrestre**. A súa procedencia sitúase fóra do noso sistema solar.

L 22



1920 Naceu a xeoquímica **Katsuko Saruhashi**. Realizou as primeiras medicións dos niveis de dióxido de carbono, CO<sub>2</sub>, na auga do mar. Mostrou evidencias dos perigos da **chuvia radioactiva no mar e a atmosfera**.

M 23



2005 **José Luis Carrascosa** e o seu equipo do **Centro Nacional de Biotecnología** describiron por primeira vez a estrutura do **virus da variola**.

Me 24



1882 **Robert Koch** anunciou a descuberta da bacteria responsable da **tuberculose**. Era a **Mycobacterium tuberculosis (bacilo de Koch)**.

X 25



1914 Naceu o agrónomo **Norman Borlaug**. Alcumado o **pai da Revolución Verde**, recibiu o **Premio Nobel da Paz** polos seus esforzos para introducir as sementes híbridas na produción agrícola en México, Paquistán e A India. Isto aumentou a produtividade agrícola e salváronse millóns de vidas humanas.

V 26




1953 O investigador **Jonas Salk** anunciou o descubrimento da **vacina contra a poliomielite**. Grazas á vacinación, esta doenza infecciosa, coñecida como **parálise infantil**, foi **erradicada de Europa, América, Oceanía e África**.

S 27



1827 **Charles Darwin** con 18 anos, **presentou o seu primeiro achado científico**. Trataba sobre a **bioloxía de pequenos animais mariños**.

D 28



2013 A **Universidade de Stanford** fixo público o desenvolvemento dun **transistor biolóxico** realizado a partir de **moléculas de ADN e ARN**.

29



1942 Naceu a **bióloga Ann A. Kiessling**. Xunto a **Mehran Goulian**, descubriron a actividade de la **transcriptase inversa en células humanas**. Anteriormente, pensábase que este enzima se atopaba só nos **retrovirus**.

30



1900 Naceu a **bibliotecaria, filóloga e lexicógrafa española Maria Moliner**. Foi a autora do **Diccionario de uso del español**.

31



1596 Naceu **René Descartes**, o famoso **filósofo e matemático francés**. Foi o autor do concepto **«Penso, logo existo»**.

1

2

3

4

2021-2030 United Nations Decade of Ocean Science for Sustainable Development

ABOUT ACTIVITIES COMMUNITY RESOURCES OCEAN SCIENCE FORUM CONTACT SIGN UP LOGIN

**The Science We Need For The Ocean We Want**

PREPARATORY PHASE 2018-2020

### EVENTO DO MES

## DÉCADA DAS CIENCIAS OCEÁNICAS PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTENIBLE

A ONU proclamou a década de 2021 a 2030 como a **DÉCADA DAS CIENCIAS OCEÁNICAS PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE**. O obxectivo é mobilizar á comunidade científica, pero tamén aos políticos, ás empresas e á sociedade civil ao redor dun programa común de investigación e de innovación tecnolóxica sobre os mares e océanos. As ciencias do mar son importantes para conservar o medio e os recursos mariños do mundo, contribuir á seguridade alimentaria e a erradicar a pobreza, así como para axudar a comprender e predicir os fenómenos naturais.

<https://undocs.org/es/A/72/L.18>

L 29

M 30

Me 31

X 1

V 2

S 3

D 4



1940 Naceu a bióloga e ecoloxista Wangari Muta Maathai. Recibiu o Premio Nobel da Paz 2004 polas súas achegas ao desenvolvemento sostible e á democracia. Foi a primeira africana en obter este galardón.



1618 Naceu o físico Francesco Grimaldi. Descubriu a difracción da luz.



1934 Naceu a primatóloga Jane Goodall. É recoñecida mundialmente polos seus estudos sobre as interaccións sociais e familiares dos chimpancés.



1868 Naceu a matemática Philippa Garrett Fawcett. Gañou unha bolsa na Universidade de Cambridge grazas ao seu extraordinario éxito no *Mathematical Tripos* (1890). Investigou sobre dinámica de fluídos.

5



1952 Naceu o químico Venki Ramakrishnan. Recibiu o Premio Nobel polo estudo da estrutura e función do ribosoma.

6



1846 Naceu Antonio Machado y Álvarez, o *Demófilo*, pai dos poetas Antonio e Manuel Machado. Foi un dos primeiros folcloristas en estudar cientificamente o flamenco.

7



1995 Inauguración da Domus da Coruña, o primeiro museo interactivo de carácter científico que trata o ser humano dun xeito global e monográfico.

8



1911 Naceu o químico Melvin Calvin. Recibiu o Premio Nobel de Química polos seus traballos sobre a asimilación do CO<sub>2</sub> polas plantas.

9



1860 O inventor Édouard-Léon Scott de Martinville realizou a primeira gravación coñecida da voz humana. Era unha voz soprano que interpretaba a canción *Au clair de la Lune*.

10



2011 Un estudo do IGME, CIATF e as universidades Complutense e de Lisboa descubriu depósitos de tsunamis en Tenerife. Os tsunamis provocaron ondas de máis de 50 metros de altura e estiveron asociados á destrución do edificio volcánico de Las Cañadas, anterior ao actual Teide.

11



2013 Descóbrese que escoitar sons durante o sono, en intervalos de tempo controlados, pode mellorar a memoria.

12



1961 Yuri Gagarin converteuse no primeiro ser humano en viaxar ao espazo. Fixoo a bordo da nave soviética Vostok 1.

13




2014 A expedición Subvent do IGME descubriu grandes bancos de mexillóns quimiosintéticos ao redor de mananciais de metano no golfo de Cádiz. Tamén descubriu novos volcáns submarinos en Lanzarote.

14



1977 Rosemary Hutton publicou un artigo sobre como a condutividade eléctrica das rochas pode usarse para investigar a historia xeolóxica.

15



1452 Naceu Leonardo da Vinci, pintor, escultor, inventor, enxeñeiro e arquitecto do Renacemento.

16



1921 Isaac Carasso solicitou a patente para a elaboración dun leite chamado denominado comunmente iogur. Bautizou a súa empresa Danone, polo diminutivo do nome do seu fillo Daniel, Danón.

17



1887 Naceu Clodomiro Picado. Foi pioneiro na investigación sobre serpes e os seus venenos. Tamén foi un dos precursores do descubrimento da penicilina.

18



1917 Naceu a psicóloga Mamie Phipps Clark. Traballou na comprensión do desenvolvemento da conciencia social en nenos preescolares.

L 18



1799 Naceu o químico Christian Schoenbein. Descubriu a nitrocelulosa e puxo nome ao ozono.

M 19



1924 Naceu a patóloga Rosemary Bamforth. Estableceu o vínculo entre a morte por cancro de traballadores de barcos e a exposición ao amianto.

Me 20



1850 Naceu a naturalista Alice Blanche Balfour. Traballou no campo da entomoloxía e foi pioneira en xenética. Estudou como se herda o padrón de raias das cebras.

X 21



1879 Thomas Edison presentou a lámpada eléctrica.

V 22



1949 Naceu o médico Rafael Matesanz. En 1989 fundou a Organización Nacional de Transplantes (ONT), onde se estableceron os protocolos responsables de que España sexa líder mundial en transplantes.

S 23



1887 A Armada Española comezou a construír o submarino Peral. Este somerxible torpedoado a propulsión eléctrica foi o primeiro submarino militar da historia.

D 24



1924 Naceu a bioquímica e especialista en cereais Evangelina Villegas. Co seu colega Surinder K. Vasal, desenvolveu a proteína de millo de alta calidade polo que obtiveron o Premio Mundial de Alimentos.

25



1906 Santiago Ramón y Cajal recibiu a notificación de que gañara o Premio Nobel de Medicina. Ao parecer, a súa primeira reacción foi comentar que se trataba «dunha broma dos estudantes». Ao día seguinte leuno nos xornais.

26



1878 Naceu o matemático Sixto Cámara Tecedor. Foi cofundador da Asociación Española para o Progreso das Ciencias, a Sociedade Matemática Española e o Laboratorio e Seminario Matemático da Xunta para a Ampliación de Estudos.

27



1904 Philip Downing inventou o apartado de correos, aínda en uso na actualidade.

28



1848 Inaugúrase o primeiro ferrocarril da península Ibérica. Conectaba Barcelona con Mataró e a súa construción obrigou a perforar o primeiro túnel ferroviario de España.

29



1969 Dous ordenadores de distintas universidades californianas conseguiron conectarse e enviar unha mensaxe a través dun novo protocolo, ARPANET. Esta rede é a precursora de internet.

30



1900 Naceu o científico Ragnar Granit. Gañou o Premio Nobel polos seus descubrimentos dos procesos fisiolóxicos e químicos no ollo.

31



1798 John Dalton descubriu a discromatopsia. Esta doenza da vista coñécese vulgarmente como daltonismo.



Semana Mundial del Espacio  
Del 4 al 10 de octubre



EVENTO DO MES

## SEMANA MUNDIAL DO ESPAZO

A SEMANA MUNDIAL DO ESPAZO celébrase cada ano entre o 4 e o 10 de outubro para celebrar as contribucións da ciencia e a tecnoloxía espaciais a mellóra da condición humana. Entre os seus obxectivos está inspirar aos estudantes que será os expertos espaciais do futuro e fomentar a cooperación internacional na divulgación e a educación sobre o espazo.

<https://www.un.org/es/observances/world-space-week>



L 27

M 28 Me


29 X

30 V

1 S

2 D

3



1883 Tivo lugar o **primeiro ensaio de comunicación por teléfono en España**. A liña estaba entre o Palacio Real e os ministerios en Madrid.



1846 Comezou a funcionar a **liña de telegrafía óptica de Castela**, que ía desde Madrid ata Irún. Foi ideada por José María Mathé.



1946 A química e cristalógrafa **Rosalind Franklin** publicou o seu doutoramento sobre química do carbón. O traballo foi chave para comprender a **estrutura molecular del ADN**.

4

Semana Mundial do Espazo



1949 Naceu o **bioquímico Mariano Barbacid**. Illou o primeiro **oncoxene humano (H-ras)**. Os oncoxenes son os responsables de que unha célula normal se transforme nunha célula maligna que desenvolverá un cancro.

5

Semana Mundial do Espazo



1963 Naceu o **microbiólogo Francisco Juan Martínez Mojica**. Descubriu as secuencias repetidas CRISPR en arqueas. A **tecnoloxía CRISPR-Cas** de edición xenética baséase en parte no devandito descubrimento.

6

Semana Mundial do Espazo



1897 Naceu a **bioquímica Florence Barbara Seibert**. Desenvolveu un **método para purificar a proteína derivada da tuberculina (PPD-S)**. Isto permitiu a creación dun test fiable para a **tuberculose**.

7

Semana Mundial do Espazo



1948 Naceu a **naturalista e escritora Diane Ackerman**. As súas obras de **divulgación científica** unen a poesía e un estilo sinxelo, o que lle proporcionou un grande éxito editorial.

8

Semana Mundial do Espazo



1958 O **cirurxián sueco Ake Senning** implantou o **primeiro marcapasos**.

9

Semana Mundial do Espazo



1902 A comunidade científica internacional reconeceu a autenticidade da arte **paleolítica da cova de Altamira**. Estas pinturas foran descubertas pola nena **Maria Sanz de Sautuola** cando visitaba a cova en compañía de seu pai Marcelino.

10

Semana Mundial do Espazo



1966 Naceu a **química Carolyn Bertozzi**. Estudou o papel dos **glicidos** en doenzas como o **cancro, a artrite ou a tuberculose**.

11



1755 Naceu o **químico Fausto Delhuyar**. Xunto ao seu irmán Juan José, tamén químico, foron os primeiros en illar o **volframio** (número atómico 74 na táboa periódica). Este metal é moi escaso e moi cobizado polas súas múltiples aplicacións.

12



1920 Naceu a **microbióloga Leslie Barnett**. Colaborou nalgúns dos avances e descubrimentos máis importantes sobre a **estrutura e as funcións dos xenos**.

13



1914 **Garret Morgan** patentou a **máscara de gas**. Uns anos despois, este inventor creou o **semáforo automático con luz de advertencia**.

14




1865 Naceu a **xenetista Edith Rebecca Saunders**. Xogou un papel importante no redescubrimento das **leis da herdanza mendeliana e a comprensión da xenética das plantas**.

15



1902 Naceu a **médica Amparo Poch y Gascón**. Especializouse en puericultura e realizou un gran labor educativo entre as clases sociais máis modestas para **evitar enfermidades de tipo venéreo**.

16



1969 **Doñana converteuse en Parque Nacional**. A súa marisma é lugar de paso, cría e invernada para miles de aves europeas e africanas.

17



1919 Comezou a funcionar a **primeira liña de metro de España**. Discorria entre a Porta do Sol e Catro Camiños, en Madrid.

L 19



1946 Naceu a química **María Vallet Regi**. É experta no campo dos biomateriais con aplicacións en traumatoloxía, odontoloxía ou enxeñaría tisular.

M 20



2017 Bryan Keith Holland depositou a súa tese de doutoramento sobre os **microARN do VIH**. É máis coñecido polo seu alcupe *Dexter* e mais por ser o cantante e guitarrista da banda punk rock *The Offsprings*.

Me 21



1838 Naceu o conservacionista **John Muir**. Defendeu o establecemento dos **parques nacionais Sequonia e Yosemite**.

X 22



1999 Apertura da **Casa das Ciencias de Logroño**. Este centro está dedicado á **divulgación da cultura da ciencia e a tecnoloxía**, a través de exposicións, relatorios, cursos, proxeccións e demostracións científicas.

V 23



1933 Naceu a informática **Annie J. Easley**. Traballou no Lewis Research Center da NASA. Formou parte do equipo que desenvolveu o **software do foguete Centauro**.

S 24



2013 IBM desenvolveu un **robot** que combina telepresenza e tecnoloxías de realidade aumentada para axudar en **proxectos de enxeñaría en áreas remotas**.

D 25



1945 Naceu a **embrióloga Jean Marian Purdy**. Foi unha das responsables do desenvolvemento da **fecundación in vitro**.

26

Semana Mundial da Inmunización



1927 Naceu a **bióloga Anne McLaren**. Foi pioneira no estudo da **bioloxía do desenvolvemento**. O seu traballo axudou a desenvolver a técnica de **fertilización in vitro**.

27

Semana Mundial da Inmunización



1993 O trombonista **John Kenny** foi o primeiro en facer soar un **carnyx** desde a **época celta**. Para iso, empregou unha reconstrución do carynx de Deskford realizada polo musicólogo John Purser e o ouriveiro John Creed. O instrumento orixinal e a reconstrución móstranse no Museo Nacional de Escocia.

28

Semana Mundial da Inmunización



1932 Descubriuse a **vacina contra a febre amarela**.

29


Semana Mundial da Inmunización



1894 Naceu a física **Marietta Blau**. Foi a pioneira no **registro e identificación de partículas atómicas mediante placas de emulsións fotográficas**. O seu traballo contribuíu a entender mellor as **reaccións nucleares**.

30

Semana Mundial da Inmunización



2010 Investigadores do IGME localizan en mapas do século XVIII e XIX unha **zona húmida que desaparecera do rexistro histórico**.

1

Semana Mundial da Inmunización

2

Semana Mundial da Inmunización



Health Topics Countries Newsroom Emergencies Data About Us

Home / Campaigns / World Immunization Week / World Immunization Week 2020



EVENTO DO MES

# SEMANA MUNDIAL DA INMUNIZACIÓN

A inmunización con vacinas é a ferramenta máis poderosa que temos para loitar contra as enfermidades infecciosas. Por iso, a última semana de abril de cada ano dedícase a promover a vacinación para protexer contra as enfermidades ás persoas de todas as idades.

<https://www.who.int/campaigns/world-immunization-week/2020>

L 26 M 27 Me 28 X 29 V 30 S 1 D 2



**2013** Arrancou o proxecto **EMTASY** para determinar o mecanismo que posiciona o corazón á esquerda. Foi dirixido por **Ángela Nieto Toledano** e axudou a entender moitas **malformacións xenéticas**.



**1997** O equipo científico de **Atapuerca** obtivo o Premio **Príncipe de Asturias de Investigación Científica e Técnica** polo descubrimento do **Homo antecessor**. Este homínido viviu en Europa hai **800.000 anos**.

3



**1910** Naceu a **arqueóloga Anne Strachan Robertson**. É coñecida polos seus estudos do muro de Antonino e as moedas imperiais romanas.

4



**1825** Naceu o **biólogo Thomas Huxley**. Foi o primeiro en suxerir que as **aves evolucionaron a partir dos dinosauros**.

5



**1882** Naceu o **médico e científico español Pio del Río Ortega**. Descubriu a **microglía**, un tipo de célula do sistema nervioso.

6



**1840** Saiu á venda o **primeiro selo adhesivo**. Tiña o perfil da raíña **Vitoria do Reino Unido** e era recoñecido como o **penny black**.

7



**1954** Comezou a construción da **ponte Mackinac** en Michigan, EE. UU. No seu momento foi a **ponte colgante máis longa do mundo**.

8



**1980** A **OMS** certificou a **erradicación da variola**. Este feito acadouse grazas á **vacinación**.

9




**1882** **William H. Ford** patentou o deseño dun **estetoscopio** coa forma que aínda se usa na actualidade.

10




**1888** Naceu a **hematóloga Lucy Wills**. Descubriu un factor nutricional no lévedo que prevén e sanda a **anemia macrocítica no embarazo**. Coñécese como o **factor de Wills** ou **folato**, a forma natural do **ácido fólico**.

11



**2001** Tivo lugar un **terremoto en Lorca** (Murcia) cunha magnitude de **5,2 Mw**. Causou un grande impacto, con **9 vítimas mortais** e cuantiosos danos materiais.

12



**1910** Naceu a Premio Nobel **Dorothy Crowfoot Hodgkin**. Determinou a **estrutura 3D de moléculas como a penicilina ou a insulina**. A estrutura 3D é clave para entendermos as funcións.

13



**1857** Naceu o **bacteriólogo Ronald Ross**. Descubriu que a **malaria se transmite polo mosquito Anopheles**.

14



**1899** Naceu a **bióloga Charlotte Auerbach**. Especializouse en **zooloxía e xenética**, e contribuíu ao descubrimento da **mutaxénese e dos seus efectos**. Fixose célebre en 1942 cando puxo de manifesto, xunto con Alfred Joseph Clark e J. M. Robson, que o **gas mostaza podía causar mutacións**.

15



**1925** Naceu a **xenetista Mary Frances Lyon**. Descubriu a **lionización**, un fenómeno mediante o cal se inactiva unha das dúas copias do cromosoma X nas células das femias mamíferas.

16



**1919** Naceu o **oceanógrafo e ecolóxico Ramón Margalef**. Introduciu a **Teoría da información en ecoloxía** e mais o **índice de Shannon-Weaver** como medida de diversidade.

L 20



1906 Naceu a matemática Vera Faddéyeva. Publicou algúns dos primeiros traballos sobre álgebra linear.

M 21



1866 Naceu o médico e microbiólogo Charles Nicolle. Gañou o Premio Nobel ao descubrir que os piollos eran os principais transmisores do tifo.

Me  22

Comeza o outono



1863 Naceu o microbiólogo Alexandre Yersin. Foi codescubridor da bacteria responsable da peste bubónica, que se chama Yersinia pestis na súa honra.

X 23



1889 Fundouse Nintendo. Nos seus inicios era unha fábrica de barallas de naipes xaponeses. En 1975 comezou a desenvolver videoxogos e, na actualidade, é unha das maiores empresas do mundo de hardware e software de entretemento.

V 24




1905 Naceu o médico e científico español Severo Ochoa. Gañou o Premio Nobel polos seus estudos pioneiros sobre a síntese do ácido ribonucleico (ARN).

S  25



1899 Naceu a neuróloga Margaret Kennard. É coñecida polos seus estudos sobre os efectos do dano neurolóxico nos primates.

D 26



2013 O Curiosity Rover da NASA detectou unha gran cantidade de auga de fácil acceso no cráter Gale de Marte.

27



1818 Naceu o inventor Cosme García. Foi o primeiro español en patentar un prototipo de submarino. Unha vez construído, este somerxible foi probado con éxito no porto de Alicante en 1860.

28



1889 A primeira Conferencia Xeral de Pesos e Medidas definiu a lonxitude dun metro como a distancia entre dúas liñas nunha barra fabricada cunha aliaxe de platino con 10% de iridio, medida ao punto de fusión do xeo.

29



1938 Naceu o físico Enrico Fermi. En 1938, recibiu o Premio Nobel de Física polos seus traballos sobre radioactividade inducida. Catro anos despois, realizou a primeira reacción nuclear de orixe humana.

30



2009 O Observatorio Astronómico de Mallorca anunciou o descubrimento do cometa 2009QG31 La Sagra, máis alá da órbita de Marte.

1

2

3

**NAUKAS**  
ciencia, escepticismo y humor

EVENTO DO MES

## NAUKAS

NAUKAS é unha plataforma web española que aloxa un centenar de blogs dedicados á divulgación científica. A seu lema é «Ciencia, escepticismo e humor». Naukas celebra todos os anos desde 2011 unhas xornadas de divulgación científica en Bilbao e desde 2016, tamén noutras cidades, como Coruña, Pamplona, Donostia-San Sebastián ou Córdoba.

<https://naukas.com/>

# SETEMBRO · SEPTIEMBRE · SETEMBRE · IRAILA · SETIEMBRE · SEPTEMBER 2021

L 30 M 31

Me 1



1914 Faleceu Martha, a derradeira pomba migratoria *Ectopistes migratorius*. Tiña 29 anos e vivía en cativeiro no zoolóxico de Cincinnati (EE.UU.). En só un século pasou de ser a ave máis abundosa de Norteamérica a extinguirse.

X 2



1948 Naceu a profesora de secundaria **Christa Corrigan McAuliffe**. Foi seleccionada entre máis de 11.000 solicitantes para participar no **Proxecto Profesor no Espazo da NASA**. Christa planeaba realizar experimentos e ensinar leccións desde o espazo. O transbordador espacial en que viaxaba explotou aos 72 segundos da engalaxe.

V 3



1938 Naceu o químico **Ryōji Noyori**. Gañou o **Premio Nobel** polas súas investigacións sobre a **catálise**. Os seus métodos úsanse, por exemplo, para a produción de **mentol**.

S 4



1998 **Larry Page y Sergei Brin** fundaron **Google**. O buscador comezou a desenvolverse en 1996 como un proxecto de investigación, cando eles dous eran estudantes de doutoramento.

D 5



1885 Instalouse a **primeira gasolinera**. Foi nun garaxe de Indiana (Estados Unidos).



6

1860 Naceu a **socióloga e Premio Nobel da Paz Jane Addams**. Foi pioneira na profesión de **traballo social e fundou a casa de acollida Hull House**, que tamén servía como institución sociolóxica para mulleres. Os seus traballos tiveron grande influencia sobre a **Escola de Socioloxía de Chicago**.



7

2016 Investigadores do IGME, o Instituto de Ciencias do Mar (CSIC) e a Universidade das Palmas de Gran Canaria descubriron que a illa de **El Hierro perdeu o 40% do seu volume durante un enorme derrubamento de terra**. Este gran corrento tivo lugar hai **80.000 anos**.



8

1871 Naceu a **inventora e pianista Mary Elizabeth Hallock-Greenewalt**. As súas patentes permitiron o desenvolvemento de Sarabet, un **organo de cor**. Este instrumento emitía luces de cores con intensidades e matices que estaban sincronizadas coa música.



9

1936 **Daisy Roulland-Dussoixa** **microbióloga molecular**, naceu. Colaborou na descuberta dos **enzimas de restrición**.

10



1984 Púxose a punto a **técnica de pegada xenética**, que permite identificar as persoas segundo o seu ADN. Esta técnica comezou a utilizarse en **criminoloxía** pouco despois.



11



1942 Naceu a **economista e historiadora económica Deirdre McCloskey**. As súas investigacións inclúen o estudo das orixes do mundo moderno, o mal uso da **significación estatística** na economía e outras ciencias, e máis o estudo do capitalismo.



12

1958 O **enxeñeiro eléctrico Jack Kilby** presentou o **primeiro circuíto integrado do mundo**. Os **circuíto integrados** tamén se coñecen como **chips** ou **microchips**.

13



1956 A empresa **IBM** presentou o **primeiro ordenador comercial** que utilizaba **almacenamento en disco**.

14



1849 Naceu o **fisiólogo e Premio Nobel Iván Pavlov**. Describiu en cans o modelo de estímulo-resposta ou **condicionamento de Pavlov**.

15



1885 **Constantin Fahlberg** **patentou a sacarina**. Este adozante sintetizouse por primeira vez a partir de derivados do **alcatrán de hulla**.

16



1884 Realizouse a **primeira operación baixo anestesia local**. Grazas ao seu éxito, comezou o seu uso **xeneralizado** en **odontoloxía**.

17



1857 Naceu o **físico e matemático Konstantin Tsiolkovski**. Era xordo desde os 10 anos e completamente **autodidacta**. Os seus traballos permitiron **pór en órbita o primeiro satélite artificial e a primeira viaxe dunha persoa ao espazo**.

18



1819 Naceu o **físico Jean Foucault**. Inventou o **xiroscopio** e o **péndulo** que **demonstra a rotación da Terra**.

19



1991 Descubriéronse os **restos momificados dunha persoa paleolítica (Ötzi)** no glaciar Similaun dos Alpes, na **fronteira italo-austriaca**.

L Día Mundial das Telecomunicacións e a Sociedade da Información **17**



**1749** Naceu o **inmunólogo Edward Jenner**. Logrou a **primeira vacina da historia**, concretamente contra a **variola**.

M **18**



**2012** Celebrouse o primeiro **Día Internacional da Fascinación polas Plantas**. O seu obxectivo é recoñecer a importancia das plantas na nosa vida, grazas á produción de alimentos para persoas e animais, papel, madeira, enerxía e produtos farmacéuticos.

Me **19**



**2014** A **NASA** comezou a construción do **robot espacial InSight**, que aterrou en **Marte** en 2018.

X **20**




**1900** Naceu a **química e física Erika Cremer**. Foi pioneira en **cromatografía de gases**. Porén, o seu artigo de 1944 acerca do seu método non se chegou a publicar porque un bombardeo destruíu as probas de imprenta na revista *Naturwissenschaften*.

V **21**



**1921** Naceu o **físico Andrei Sájarov**. Participou no desenvolvemento de **bombas atómicas** nos anos cincuenta do século pasado. Posteriormente, loitou contra a **proliferación de armas nucleares** e foi galardoado co **Premio Nobel da Paz** en 1975.

S **22**



**1960** Tivo lugar o **Gran Terremoto de Chile**. É o terremoto de **maior magnitude** que se leva rexistrado (9,5 en potencia de magnitude de momento). Provocou maremotos que chegaron a Hawai, Xapón e Rusia, e a erupción do volcán **Puyehue**.

D **23**




**1954** Naceu o **biólogo Keith Campbell**. Foi unha persoa clave do equipo que **clonou a ovella Dolly** no Instituto Roslin de Edimburgo.

**24**



**1878** Naceu a **psicóloga e enxeñeira Lillian Moller Gilbreth**. É coñecida polo seu traballo na aplicación da **organización psicolóxica na industria**.

**25**



**1880** Naceu o **neurólogo Jean Alexandre Barré**. Identificou a **síndrome de Guillain-Barré**, unha doenza neurolóxica rara.

**26**



**1872** Naceu **Trinidad Arroyo Villaverde**. Foi a **primeira oftalmóloga española**.

**27**



**1931** Naceu o **economista Philip Kotler**. É considerado o pai do **márketing moderno**.

**28**



**1912** Naceu a **astrónoma Ruby Violet Payne-Scott**. Estudou a influencia do **campo magnético da Terra** e as **erupcións solares**.

**29**



**1826** Naceu o **xastre Ebenezer Butterick**. Xunto á súa muller, **Ellen Augusta Pollard**, inventaron e comercializaron os **padróns de costura modernos**. Tales padróns tiñan graduacións con **múltiples talles estándares**.

**30**



**2021** **Día Mundial da Esclerose Múltiple**. Celébrase cada ano para compartir historias, concienciar a sociedade e facer campañas con e para todas as persoas afectadas por esta enfermidade.

**31**



**Naciones Unidas**

**Día Mundial de las Telecomunicaciones y de la Sociedad de la Información**  
17 de mayo



**EVENTO DO MES**

## **DÍA MUNDIAL DAS TELECOMUNICACIONES E A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN**

O 17 de maio de 1865 asinouase a primeira Convención Telegráfica Internacional e creouse a Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT). Por iso, elixiuse ese día para celebrar o **DÍA MUNDIAL DAS TELECOMUNICACIONES E A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN**.

O obxectivo deste evento é sensibilizar sobre as posibilidades que o uso de Internet e outras tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) poden ofrecer ás sociedades e á economía, así como fomentar a necesidade de reducir a fenda dixital.

<https://www.un.org/es/observances/telecommunication-day>



**1903** O **físico Konstantin Tsiolkovsky** propuxo por primeira vez que as persoas poderían viaxar ao espazo usando foguetes.

L 31 M 1 ME 2 X 3 V 4 S 5 D 6



1974 A revista **Emergency Medicine** publicou a **manobra de Heimlich**. Esta operación permite desbloquear as vías aéreas obstruídas por un obxecto estraño.



1911 Os principais xornais fixéronse eco da electrificación do ferrocarril Gergal-Santa Fe de Mondújar. Foi a **primeira liña de tren de via larga electrificada de España**.



1796 O **cosmógrafo Vicente Tofiño de San Miguel** observou o paso de Venus polo Sol durante unha eclipse. Publicou unhas anotacións de grande interese científico.



1927 Tivo lugar o **primeiro voo comercial de pasaxeiros transatlántico**. A viaxe produciuse a bordo dun Wright-Bellanca WB-2, desde **Estados Unidos ata Alemaña**.



2002 Presentouse oficialmente a **AMIT (Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas)**. Esta asociación promove o acceso igualitario das mulleres á actividade investigadora en todas as ramas do coñecemento e no sector tecnolóxico.



1907 Lanzouse **Persil** ao mercado. Foi o primeiro deterxente de roupa de acción automática.

Día Mundial da Inocuidade dos Alimentos

7 8



1886 Naceu o **enxeñeiro Henri Coandă**. Foi pioneiro da **aviación** e construíu o primeiro avión accionado por un motor a reacción.



2021 Día Mundial dos **Océanos**. O seu obxectivo é lembrarnos o papel que teñen os océanos na vida cotiá. Eles son os pulmóns do noso planeta e producen a meirande parte do oxíxeno que respiramos.



1812 Naceu o **astrónomo Johann Gottfried Galle**. Descubriu **Neptuno** seguindo os cálculos e indicacións de Urbain Le Verrier.



1948 Efectuouse a **primeira demostración da televisión en España**. Foi durante a Feira Internacional de Mostras de Barcelona.



1910 Naceu o **oceanógrafo e explorador Jacques-Yves Cousteau**. É un dos **divulgadores do mundo submarino máis célebres**. Gravou numerosas películas e documentais a bordo do seu buque Calypso. Tamén foi unha das primeiras persoas en defender o ambiente mariño fronte á contaminación.



1985 Naceu o **enxeñeiro de software Blake Ross**. É coñecido por traballar na creación dos navegadores **Mozilla**.



1868 Naceu o físico **Wallace Clement Sabine**. Foi o **fundador da acústica arquitectónica** e o consultor acústico do Boston's Symphony Hall. Esta sala de concertos considérase unha das mellores do mundo pola súa excelente acústica.

14 15



1880 Naceu o **neurocientífico Nicolás Achúcarro**. Foi un dos discípulos de Ramón y Cajal e especializouse no estudo das **células gliais**.



1962 Descubriuse que a **talidomida** causaba **deformacións no desenvolvemento fetal**. Este sedante utilizábase para calmar as náuseas durante os primeiros meses de embarazo.



1963 A **cosmonauta Valentina Tereshkova** foi a **primeira muller en viaxar ao espazo**.



2017 A **astronauta Sunita Williams** converteuse na **muller que máis tempo seguido estivo no espazo** (na Estación Espacial Internacional), ao completar 188 días e 4 horas fóra da Terra.



1466 Naceu o **impresor Ottaviano Petrucci**. Inventou o sistema de **impresión de música por medio de tipos móbiles**. Con este sistema, en 1501 imprimiu a colección de cancións **Harmonice Musices Odhecaton**. Esta foi a primeira edición de música impresa da historia.



1903 Naceu a **bioquímica Rebeca Gerschman**. Postulou a **teoría Gerschman** sobre a toxicidade do oxíxeno mediante radicais libres e revolucionou o ambiente científico da época.



2019 A **investigadora Margarita Salas** recibiu o **Premio ao Inventor Europeo 2019**. Entre as súas maiores achegas salienta a **patente da DNA polimerase viral**, a máis produtiva do CSIC.

16 17 18 19 20

L 16



1884 Naceu o pioneiro da ciencia ficción **Hugo Gernsback**. O seu enxeño e imaxinación foron desbordantes e rexistrou multitude de patentes. Por exemplo: un instrumento para captar mellor o son na radio, un novo método de depilación sen cera ou unha plataforma de aterraxe para máquinas voadoras.

M 17



1737 Naceu o agrónomo, hixienista e nutricionista **Antoine Parmentier**. Grazas ao seu traballo, anuláronse as leis que prohibían o cultivo da patata. Ata daquela, case todos os países europeos consideraban que a **patata** non era comestible.

Me 18



1824 Fundouse o **Real Conservatorio de Artes e Oficios**, que almacena toda a información tecnolóxica e é o rexistro da propiedade intelectual.

X 19



1790 Naceu o reloxeiro **Edward John Dent**. É recoñecido pola creación de reloxos de gran precisión e cronómetros mariños. Entre os seus reloxos máis famosos está o **Big Ben de Londres**.

V 20




1994 O continente americano quedou declarado **libre de poliomielite** grazas ás campañas de **vacinación**.

S 21



1961 Naceu a **neurobióloga Mara Dierssen**. É unha experta mundial no eido da **neurobioloxía e a farmacoloxía**, e unha das investigadoras máis salientables na **síndrome de Down**.

D 22



1945 Faleceu a fisióloga **Ida Henrietta Hyde**. Desenvolveu un **microelectrodo** suficientemente potente como para estimular tecidos e o suficientemente pequeno como para extraer tecido dunha célula.

23



1931 Naceu o **microbiólogo Hamilton O. Smith**. Recibiu o **Premio Nobel** polos seus traballos sobre **enzimas de restricción**, capaces de cortar os ácidos nucleicos en puntos concretos.

24



1890 Naceu a **bacterióloga Pearl Louella Kendrick**. É coñecida por desenvolver a **primeira vacina contra a tose ferina**. Fixoo en colaboración coa experta en **saúde pública Grace Eldering** e a **química Loney Gordon**.

25



1900 Naceu o **Premio Nobel Hans Adolf Krebs**. Deu nome ao **ciclo de Krebs**, unha ruta metabólica que permite a obtención de enerxía para as células aerobias.

26



1860 Naceu o **enxeñeiro e arqueólogo Luis Siret y Cels**. Descubriu os **primeiros xacementos da cultura argárica** no sueste español. A sociedade argárica foi unha das de maior relevancia na Europa do III e II milenio a.e.c.

27



1956 A **central nuclear de Calder Hall** converteuse na primeira do Reino Unido en subministrador de electricidade á poboación civil.

28




2013 **Cultiváronse cerebros humanos en miniatura**, do tamaño dun chicharo, a partir de células nai.

29



2019 O maior estudo realizado para pescudar a importancia dos xenes na conduta sexual confirmouse que **non existe un único xene da homosexualidade e puxo de manifesto a complexidade da sexualidade humana**.

30




1984 A nave espacial **Discovery** despegou por primeira vez. Chegou a realizar **39 misións** para a **NASA**.

31



1912 Naceu o **investigador Robert F. Borkestein**. Investigou a influencia do consumo de alcohol nos accidentes de tráfico. Inventou o **alcoholímetro**, un instrumento revolucionario para medir o nivel de alcohol no aire espirado.



EVENTO DO MES

# BIG VAN CIENCIA

**BIG VAN CIENCIA** está composta por un grupo de persoas dedicadas á ciencia e a investigación co obxectivo de transformar a comunicación científica en actividades atractivas para todo tipo de públicos. Desde 2013 contan a ciencia máis puntera dunha forma alcanzable e divertida e tamén traballan con centros educativos, onde van motivar ao alumnado coa ciencia e a tecnoloxía, fomentando a cultura científica e as vocacións STEM, con especial dedicación ás vocacións científicas femininas e en zonas con máis risco de exclusión social.

<http://bigvanciencia.com/>



L

26

M

27

ME

28

X

29

V

30

S

31

D

1



**1920 Naceu Henrietta Lacks.** Aos 31 anos faleceu por un cancro de colo de útero e foi doadora involuntaria das súas células cancerosas. Con elas desenvolveuse unha liña de cultivo celular inmortal chamada HeLa, acrónimo do seu nome, con que se realizaron decenas de miles de estudos científicos.

2



**1941 Naceu o biólogo Jules Hoffmann.** Recibiu o Premio Nobel polos seus estudos no campo da **inmunoloxía**. Estes traballos revolucionaron a comprensión do sistema inmune mediante o descubrimento de principios fundamentais para a súa activación.

3



**1958 O submarino atómico Nautilus** pasou baixo a cortiza xeadada do océano Ártico, desde o océano Pacífico ata o Atlántico.

4



**1932 Naceu a informática Frances Elizabeth Allen.** En 2006 converteuse na primeira muller gañadora do Premio Turing.

5



**2013 Unha compañía xaponesa** desenvolveu un **apósito** reutilizable para tratar a **hipertensión arterial crónica** mediante a liberación continua de **bisoprolol**.

6



**1991 O científico da computación Tim Berners-Lee** puxo en liña o **primeiro servidor web**. Este servidor atopábase na Organización Europea para a Investigación Nuclear (CERN).

7



**1933 Naceu a politóloga Elinor Ostrom.** Foi a primeira muller en obter o Premio Nobel de Economía, en 2009. Estudou como as persoas interactúan para manter a longo prazo os niveis de produción de recursos comúns

8



**1948 Naceu a enxeñeira e cosmonauta Svetlana Savitskaya.** Foi a primeira muller en realizar dúas viaxes ao espazo exterior e en camiñar por el.

9



**1966 Naceu o investigador Glenn Postolski.** Os seus traballos no campo das **ciencias sociais** céntranse nas políticas de medios masivos e o dereito á comunicación.

10



**2017 Un equipo do IGME** obtivo a primeira secuencia de **imaxes acústicas das plumas volcánicas** que se emiten durante a erupción dun volcán submarino. O estudo realizouse preto da illa de El Hierro.

11



**1858 Naceu o Premio Nobel Christiaan Eijkman.** É coñecido por ser o descubridor da importancia das **vitaminas na dieta**. Descubriu a **vitamina B1**.

12



**1898 Naceu a xeóloga mariña Maria Vasilievna Klionova.** Foi a primeira muller que investigou na Antártida.

13



**1797 Naceu o enxeñeiro e xeólogo Casiano de Prado.** En 1862, participou no descubrimento dos **primeiros achados paleolíticos da península Ibérica**, no val do Manzanares.

14




**1777 Naceu Hans Christian Oersted.** Foi o físico que descubriu o **electromagnetismo**.

15



**1896 Naceu a bioquímica Gerty Cori.** Xunto ao seu marido Carl descubriron o **mecanismo da conversión catalítica do glicóxeno (o ciclo de Cori)**. Foi a primeira muller en gañar o Premio Nobel en Fisioloxía e Medicina.

L  **21**

Comeza o verán



**1997** Instaurouse o **Día Internacional da Esclerose Lateral Amiotrófica (ELA)**. Está impulsado por asociacións de pacientes de todo o mundo e ten como obxectivo informar e sensibilizar sobre esta doenza aínda incurable.

M **22**



**1939** Naceu a **crystalógrafa Ada Yonath**. Gañou o **Premio Nobel de Química** polos seus traballos pioneiros verbo da estrutura dos **ribosomas**.

Mi **23**



**1912** Naceu o **matemático, lóxico e criptoanalista Alan Turing**. Foi o pioneiro da **informática moderna**.

J **24**



**1400** Naceu **Johannes Gutenberg**. Inventou a **imprenta con tipos móbiles moderna**.

V **25**



**1866** Naceu **Eloísa Díaz**, a **primeira médica de América do Sur**. Como directora do **Servizo Médico Escolar** de Chile, Eloísa logrou a **vacinación** de gran parte do alumnado e loitou contra o **raquitismo e a tuberculose**.

S **26**




**1974** O supermercado Marsh, en Ohio (Estados Unidos), efectuou a **primeira lectura dun código de barras no mundo**. Foi un paquete de **gomas de mascar**.

D **27**



**1915** Naceu a **física Traude Bernert**. Xunto á química Berta Karlik, identificaron os **isótopos 215, 216 e 218 do ástato**. Tamén descubriron que este elemento se producía durante a **descomposición do raio, do torio e do actinio**.

**28**



**2013** Inventouse, no MIT, un **dispositivo de visión de raios X de man que detecta o movemento a través das paredes**.

**29**



**1954** **Stanley Cohen, Rita Levi-Montalcini e Viktor Hamburger** publicaron o descubrimento do **primeiro factor de crecemento nervioso**. Os dous primeiros recibiron o **Premio Nobel de Fisioloxía ou Medicina** en 1986.

**30**



**1905** **Albert Einstein** publicou **Sobre a electrodinámica dos corpos en movemento**. Sería o inicio da **teoría da relatividade especial**.

**1**

**2**

**3**

**4**



**Día Mundial de la Inocuidade de los Alimentos**  
7 de junio

Portada Antecedentes Recursos Días Internacionais



EVENTO DO MES

## DÍA MUNDIAL DA INOCUIDADE DOS ALIMENTOS

A ciencia e a tecnoloxía alimentarias modernas contribuíron enormemente á inocuidade dos alimentos. Cada 7 de xuño celébrase o **DÍA MUNDIAL DA INOCUIDADE DOS ALIMENTOS** para chamar a atención e inspirar accións que axuden a prever, detectar e xestionar os riscos transmitidos polos alimentos, contribuíndo á saúde humana, a prosperidade económica e o desenvolvemento sustentable.

<https://www.un.org/es/observances/food-safety-day>

L 28 M

29 Me

30 X

1 V

2 S

3 D


4



**1935** Naceu a **bióloga e oceanógrafa Josefina Castellvi**. Foi a primeira española en participar nunha expedición internacional na Antártida. Colaborou na instalación da primeira base antártica española.



**1982** **Richard Walters Lawrence** atou 45 globos de helio a unha cadeira de xardín e esta elevouse a máis de 4.500 m. Frustrado por non ter podido ser piloto das Forzas Aéreas de EE.UU., decidiu voar pola súa conta deste xeito tan especial.



**1865** Naceu a **profesora Mary A. Kingsbury**. Estivo a cargo da biblioteca do Instituto Erasmus Hall e converteuse na **primeira bibliotecaria escolar da historia**.



**2019** Presentouse **PRISMA** no Museo Nacional de Ciencias Naturais de Madrid. **PRISMA é a Asociación para a Diversidade Afectivo-Sexual e de Xénero en Ciencia, Tecnoloxía e Innovación**. O seu obxectivo é aumentar a visibilidade do colectivo **LGBTIQ+** no mundo científico.

5



**1904** Naceu o **biólogo Ernst Walter Mayr**. Foi líder no desenvolvemento do **neodarwinismo**, que integra a teoría da evolución e os coñecementos no campo da **xenética**.

6



**1885** **Louis Pasteur** administrou a **vacina da rabia a Josef Meister**, un neno de 9 anos ao que trabara un can rabioso. Foi unha actuación de risco porque Pasteur non tiña a titulación de médico e a vacina non estaba aínda aprobada. No entanto, grazas a isto, salvou a vida de Josef.

7



**1924** Naceu a **neurocientífica e psicóloga Natalia Petrovna Bekhtereva**. Puxo en marcha un método complexo para estudar os mecanismos cerebrais do pensamento, a memoria, as emocións e a creatividade.

8



**1926** Naceu a **psiquiatra Elizabeth Kubler-Ross**. É recoñecida como a principal autoridade en **psicología da morte**.

9



**2015** Un equipo de investigación do **IGME**, a Universidade Complutense e a de Barcelona atopou unha **mosca de hai 105 millóns de anos** en perfecto estado de conservación. A mosca conservárase en ámbar na cova de **El Soplao** (Cantabria) e aínda levaba unha carga de pole no seu abdome.

10



**2020** O **CSIC** desenvolveu **nanosondas con aplicacións no diagnóstico e tratamento de doenzas**. As nanosondas poden utilizarse para detectar os primeiros estadios dunha enfermidade, para dirixir fármacos de forma focalizada e como transportadores de ADN ou virus.

11



**1901** Naceu a **neurofisióloga Angélique Arvanitaki**. Xunto a **Nick Chalazonitis** investigaron a **actividade eléctrica das neuronas** utilizando as fibras nerviosas do caracol común.

12



**1764** Tivo lugar o **primeiro avistamento dunha nebulosa**. Descubriuna o **astrónomo Charles Messier** e púxolle o número 27 do seu catálogo (M27). Tamén se coñece como **nebulosa Dumbbell**.

13



**1923** Recoñeceu-se por primeira vez a existencia de **ovos de dinosauro fosilizados**. A descuberta tivo lugar no deserto de Gobi. Inicialmente críase que pertencían a **Protoceratops**, mais en 1995 determinouse que pertencen a **Oviraptor**.

14



**1862** Naceu a **experta en cristalografía, mineraloxía e petrografía Florence Bascom**. Foi a **primeira xeóloga de EE.UU.**

15



**1799** Durante a **campaña de Napoleón en Exipto**, descubriuse a **pedra de Rosetta**. Esta pedra está inscrita en **grego, xeróglifo e demótico**, e é a chave que permite descifrar os **xeróglifos exipcios**.

16



**2020** A misión **Solar Orbiter**, da **Axencia Espacial Europea (ESA)** e a **NASA**, con **participación do CSIC**, obtivo o **primeiro mapa magnético do Sol**. O campo magnético solar é responsable dos fenómenos que observamos no Sol, como as manchas, as tormentas ou o vento solar.

17



**1819** Naceu a **climatóloga e inventora Eunice Newton Foote**. Foi unha pioneira na **investigación do efecto invernadoiro**. Anticipouse tres anos aos experimentos de **John Tyndall**, a quen se consideraba o descubridor do efecto do **CO<sub>2</sub>** na atmosfera.

18



**1881** Naceu a **pedagoga e humanista Maria de Maeztu**. Foi directora de importantes institucións pedagóxicas no ensino de mulleres (a **Residencia Internacional de Señoritas**, o **Instituto-Escola** e o **Lyceum Club Feminino**). Traballou para que as súas alumnas tivesen unha formación intelectual que fomentase a responsabilidade civil e a participación igualitaria e integral na sociedade.

L 19



1945 Naceu a xenetista Nancy Wexler. Colaborou no achado da localización do xene que causa a enfermida de Huntington.

M 20



1969 O módulo lunar de Apolo 11, chamado Eagle, aterrou con éxito na Lúa.

Me 21



2013 Desenvolveuse unha pel electrónica sensible e flexible que imita a pel humana real. Esta pel pode detectar e responder a diferentes niveis de presión.

X 22



1871 Colouse a primeira pedra da ponte ferroviaria Tay (Escocia). Foi a ponte máis longa do mundo na súa época.

V 23



2020 Un estudo con participación do CSIC revelou unha redución do 50% do ruído sísmico xerado pola actividade humana. Esta redución produciuse como consecuencia das medidas de confinamento po pandemia del coronavirus.

S 24



2009 Inaugurouse o Gran Telescopio Canarias, no Observatorio do Roque dos Muchachos. Converteuse no telescopio óptico máis grande do mundo.

D 25



1938 Naceu a psicóloga Davida Teller. O seu traballo contribuíu á comprensión do desenvolvemento visual infantil.

26



2005 Celebrouse o primeiro Día Internacional para a Defensa do Ecosistema Mangleiral.

27



1995 A profesora Sheila Rowan presentou a súa tese de doutoramento sobre as ondas gravitacionais.

28

Día Mundial Contra a Hepatite



1635 Naceu o científico inglés Robert Hooke. Foi a primeira persoa en describir a vida microscópica no seu libro *Micrographia*. Este libro contén por primeira vez a palabra célula.

29



1796 Naceu o inventor Walter Hunt. É coñecido por ter creado o imperdible.

30



1889 Naceu o enxeñeiro Vladimir Zworykin. Inventou o tubo de raios catódicos e, por iso, é coñecido como o pai da televisión.

31



1923 Naceu a química Stephanie Kwolek. Sintetizou por primeira vez o kevlar, un polímero que se usa na fabricación de pneumáticos, velas náuticas ou chalecos antibalas pola súa lixeireza e extraordinaria resistencia.

1

Organización Mundial de la Salud

Temas de salud Países Centro de prensa Emergencias Acerca de la OMS

Acceso / Campañas mundiales de salud pública de la OMS / Campañas mundiales contra la hepatitis / Día Mundial contra la Hepatitis 2020

Un futuro sin hepatitis



Día Mundial contra la Hepatitis

EVENTO DO MES

# DÍA MUNDIAL CONTRA A HEPATITE

O **DÍA MUNDIAL CONTRA A HEPATITE**, celebrado o 28 de xullo, creouse para concienciar sobre as hepatitis víricas, que inflaman o fígado e causan enfermidades como o cancro de fígado. A súa meta final é estimular a loita internacional contra a hepatitis e facer fincapé na necesidade dunha maior resposta mundial, dous aspectos chave para lograr a súa eliminación mundial para 2030.

<https://www.who.int/es/campaigns/world-hepatitis-day/2020>